Coa colaboración de:

XUNTA DE GALICIA

CCOO gabinete de igualdade

NOVAS AXUDAS DO PROGRAMA BONO COIDADO

Axudas económicas ás familias con nenos e nenas de ata 12 anos de idade, estes incluídos, que teñan a súa residencia en Galicia, para atención de necesidades de conciliación en situacións puntuais e períodos de vacacións escolares comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 14 de setembro, a través do programa Bono Coidado.

QUE NECESIDADES DE CONCILIACIÓN CUBRE ESTA AXUDA?

Necesidades en períodos de vacacións escolares*	Precísase acreditar a imposibilidade de facerse cargo da atención do neno ou nena por motivos laborais.
Necesidades puntuais	Enfermidade ou accidente do neno ou nena ou da persoa coidadora habitual.
	Asistencia da persoa coidadora habitual a entrevistas de traballo ou cursos de formación que impidan a atención do neno ou nena.
	Situacións puntuais de carácter laboral da persoa coidadora habitual que impidan a atención do neno ou nena.
	Situacións puntuais de coidado de familiares, do neno ou nena ou da persoa coidadora habitual, ata o segundo grao de parentesco por consanguinidade ou afinidade sempre que impidan a atención do neno ou nena.

***Os períodos de vacacións escolares considerados serán:**

- Do 1 ao 7 de xaneiro.
- Do 15 ao 17 de febreiro.
- Do 29 de marzo ao 5 de abril.
- Do 23 de xuño ao 14 de setembro.

A QUE SE DESTINA?

- Ao pagamento dos servizos de atención á infancia a domicilio.
- Á contratación laboral dunha persoa empregada do fogar destinada ao coidado dos nenos e nenas (incluídas as ampliacións de contratos laborais preexistentes que se realicen con esta finalidade).
- Asistencia a servizos de conciliación autorizados pola Consellería de Política Social, en concreto, atención en ludotecas, espazos infantís ou servizos complementarios de atención á infancia (Sección quinta do capítulo III do Decreto 329/2005).
- Asistencia a campamentos ou outros recursos de conciliación colectivos específicamente organizados para a atención dos nenos e nenas nos períodos de vacacións escolares.

QUEN TEN DEREITO?

Pais/nais e titores/as de nenos/as de ata doce anos de idade, estes incluídos, ou as persoas que os/as teñan en situación de acollemento familiar ou garda con fins adoptivo nos seguintes supostos:

- Neno ou nena teña un máximo de 12 anos no momento en que se produce o suposto para solicitar a axuda.
- Que ambos proxenitores, titores/as, acolledores/as, gardadores/as con fins adoptivos, familias monoparentais ou proxenitores con custodia non compartida, estean efectivamente traballando no suposto de solicitudes por enfermidade ou accidente do neno ou nena e/ou por asistencia a campamentos ou outros recursos de conciliación colectivos específicamente organizados para a atención dos nenos e nenas nos períodos de vacacións escolares.

Nos supostos de **custodia compartida**, este requisito entenderase referido ao tempo no que esta se exerza efectivamente, debendo presentar, nestes casos, **cada proxenitor una solicitude individual.**

CAL É A CONTÍA?

- Ata o 100 % do custo da custo das actuacións previstas no artigo anterior, cunha contía máxima de:

De 500€ por unidade familiar	Para a contratación dunha persoa empregada do fogar ou de servizos de atención á infancia a domicilio.
De 200€ por cada neno ou nena	Para a asistencia a servizos de conciliación autorizados pola Consellería de Política Social ou a campamentos ou outros recursos de conciliación colectivos especificamente organizados para a atención dos nenos e nenas nos períodos de vacacións escolares.

- Cada suposto de conciliación ao que dá cobertura esta orde será obxecto dunha axuda dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

CAL É A SÚA VIXENCIA?

- Con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro ata o 14 de setembro.

É COMPATIBLE CON OUTRAS AXUDAS?

- É compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade de calquera outra Administración ou ente público ou privado, tendo en conta:

    1. Débese acreditar documentalmente a súa natureza e contía ou calquera circunstancia que poida afectar a execución das actuacións.

2. O importe das axudas concedidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas, o custo do servizo recibido.
3. Deberá presentarse, xunto coa solicitude, unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade.

CAL É O PRAZO DE SOLICITUDE?

O prazo de solicitude comeza o10 de agosto, día seguinte da publicación da ORDE e finaliza o 30 de setembro.

ONDE FACER A SOLICITUDE

- Obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia: https://sede.xunta.gal
- Código de procedemento: BS412A
- Deberá presentarse a solicitude (anexo I da ORDE de convocatoria da axuda) dirixida á xefatura territorial da Consellería de Política Social da provincia onde teñan o seu domicilio.
- Coa solicitude presentarase outro documentación específica segundo o feito causal e as particularidades da persoa ou persoas solicitantes.

PARA MÁIS INFORMACIÓN

- Poderase obter documentación normalizada ou información polas seguintes vías:

Sede electrónica da Xunta de Galicia	https://sede.xunta.gal
Teléfono	012
Enderezos electrónicos:	012@xunta.gal
	administrativos.familia.coruna@xunta.gal
	familia.politicasocial.lugo@xunta.gal
	familia.politicasocial.ourense@xunta.gal
	familia.ctb.vigo@xunta.gal

- Ou podes escribirnos un correo a: gabineteigualdade@galicia.ccoo.es